# RETOS PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES EN TEMPOS DE ACTIVIDADE NON PRESENCIAL




Bibliotecas escolares de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE




- 21 de marzo, Día da Poesía
- 27 de marzo, Día Mundial do Teatro
- 1 de abril, Día das Artes Galegas
- 2 de abril, Día do Libro Infantil
- 23 de abril, Día Mundial do Libro
- 17 de maio, Día das Letras Galegas

A primavera 2020 foi unha primavera estraña.
As bibliotecas escolares seguiron traballando desde casa, **vinculando á comunidade educativa, promovendo a lectura, a escrita, a oralidade, a investigación, o traballo cos medios audiovisuais; ofrecendo recursos dixitais para apoiar a alumnado, profesorado e familias**.



**#bescolaresgal #bescolaresgalaberta**









22 abr. 2020

**DÍA DO LIBRO:APADRIÑAMEN[...] LECTORES EN ÉPOCA DE CONFINAMENTO.**

Como todos sabedes, hoxe 23 de abril, é Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor e tal e como nos indica a UNESCO, hoxe máis que nunca, nun momento en que o noso Colexio está pechado e debemos quedar na casa, podemos empregar o poder da lectura para combatir o illamento, estreitar vínculos entre as persoas, expandir os nosos horizontes, á vez que estimulamos as nosas mentes, a nosa imaxinación e a nosa creatividade.
Cada ano neste día xa é tradición entre a comunidade educativa, celebrar o Apadriñamento Lector, unha actividade que nos gusta e nos volve locos de emoción.Este ano non o podemos facer de maneira presencial, pero os APADRIÑAMENTOS serán VIRTUAIS!
Fai varios días lanceivos dous desafíos, o primeiro deles consistía en que elixirades o voso libro favorito entre os da vosa biblioteca persoal, esa que fomos creando e mimando día a día dende que nacimos e ao longo dos anos. Logo pediavos un pequeno audiovisual lendo un anaco en voz alta.
E coma sempre, non deixades de sorprenderme e de facerme feliz! Non podo estar máis ORGULLOSA... a participación foi espectacular! Gocei enormemente escoitándovos e vivindo moitas aventuras, a pesar de non poder saír de aquí...porque xa sabedes.. **#pucatamén quedanacasa.**
Grazas por estes fantásticos traballos que fan de **BIBLIOCERVO** unha das **#bescolaresgalAbertas** de Galicia.
E aquí temos os vosos espectaculares vídeos coas lecturas favoritas!! Mirade que ben o facedes. Moitos bicos lectores...e moitas grazas por participar!!

21 de mar. de 2020

**MANUALIDADES AMAR O MAR**

O binomio fantástico é unha proposta do lingüista italiano Gianni Rodari e consiste no conxunto de dous elementos diferentes que teremos que relacionar para crear una composición conxunta. Aproveitando que estamos traballando o mundo do mar e continuando cos obradoiros que estivemos facendo na escola con artista visual Pablo Otero, dende a Leoteca queremos propoñervos que elaboredes os vosos propios binomios fantásticos con materiais que teñades pola casa (refugallo, cousas que non utilicedes, etc.) para crear novas especies mariñas que viven nun novo océano imaxinario. Non deixedes de poñerlle un nome e contarnos cousiñas da súa vida diaria, onde vive, que come e demáis anécdotas que pensades que son interesantes para coñecer mellor esta especie do mar descoñecida ata o momento. Enviade as fotografías destas creacións o correo do colexio, estaremos encantadas e encantados de compartilas co resto da comunidade educativa polo blog. Aquí tedes algúns exemplos.



Feito con xeito




Canosa Onda




Leoteca



CEIP Canosa Rus (Coristanco, A Coruña):
https://bibliocanosa.blogspot.com/2020/03/manualidades-amar-o-mar.html

# O SOBREIRAL DAS PALABRAS

BUSCAR

Biblioteca do IES Valadares (Vigo)

O DÍA A DÍA · O SOBREIRAL · BANCO DE RECURSOS · INVISIBLE PARA OS OLLOS · MÁIS...

Compartir

Etiquetas

#usuariosdosobreiralnacasa

Aprendendo #aprendendonoSobreiral

sábado, maio 09, 2020

## COMO SUBIR UN DOCUMENTO Á AULA VIRTUAL



# Recopilación de actuacións das bibliotecas escolares galegas durante o confinamento

**@bescolaresgal**
**#bescolaresgal**
**#bescolaresgalabertas**




## Lectura-Escritura:

- CEIP Milladoiro (Malpica de Bergantiños): binomios fantásticos e caderno de confinamento
- CEIP de Hío : inventamos historias con efectos especiais
- IES A Basella (Vilagarcía de Arousa): concurso de relato breve

## Clubs de lectura:

- CEIP de Cervo: Clubs de lectura *en liña*
- IES Poeta Díaz Castro (Guitiriz): Club de lectura virtual
- IES de Sabón (Arteixo): Con Verne na mochila (creación dos integrantes do club durante la cuarentena)

## Plataforma de lectura dixital: E-LBE.2 (*proxecto piloto implantado en 50 centros*)

- CEIP de Figueiroa (a Estrada): titorial para uso da plataforma
- CEIP Milladoiro (Malpica de Bergantiños): Ler na casa
- CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño): recursos para lectura digital.

## Implicación das familias:

- CEIP A Cristina (Carballo): receitas saborosas
- CEIP Saco e Arce (Toén): Álbum de recordos




# BIBLIOTECA "CARLOS LABRAÑA"

## CEIP NICOLÁS DEL RÍO (CEDEIRA)







## ALFABETIZACIONES MÚLTIPLES

### BÚSQUEDA DO TESOURO #euquedonacasa #bescolaresgalabertas

Enviado por PERCEBÍN LECTOR o Xov, 28/05/2020 - 09:29

Posted in #bescolaresgalAbertas #EUQUEDONACASA **ALFABETIZACIONES MÚLTIPLES** A NOSA BIBLIOTECA

*Un dos obxectivos fundamentais da biblioteca escolar é o de contribuír á mellora das capacidades lectoras do alumnado. Porén, falar de lectura nesta altura do século XXI é falar de multialfabetismos. Unha persoa alfabetizada nestes momentos é aquela que amosa "comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica", segundo a definición do Consello de Europa en 2012.* Plan LÍA 2016-2020

A interpretación de mapas é un bo exemplo de alfabetizacións




**Traballo por proxectos: continuaron desde casa o traballo encetado:**

- CEIP ADR Castelao (Vigo): *Primus circumdedisti me*
- CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño): *Somos auga*
- *CEIP A.D.R. Castelao (Rianxo): Retos no contexto do proxecto documental integrado CIENCIA E LECTURA, QUE LOUCURA!*
- *Proxecto intercentros Cedeira (IES Punta Candieira -CEIP Nicolás del Río): Verbas de Cedeira*

***Proxectos colaborativos con implicación da comunidade***




**AMI (*Alfabetización Mediática e Informacional*):**

- CEIP Nicolás del Río (Cedeira): aprendemos a usar google maps
- IES de Meaño: aprender a mandar un correo, a sacar foto a un caderno
- IES Valadares (Vigo): banco de recursos e investigación
- *IES A Xunqueira I (Pontevedra): selección de recursos especial #euquedonacasa*




**Retos (a biblioteca presenta retos á comunidade educativa):**

- CEIP Xesús San Luis Romero (Carballo): ConCiencia de Fidalgo
- IES de Quiroga: A roda das mulleres
- CEE Saladino Cortizo (Vigo): Libro virtual "Eu fico na casa"

***Radio na Biblio*:**

- CEIP O Graxal (Cambre): crearon a radio na corentena
- CEIP Brea Segade (Taragoña-Rianxo): Abre as xanelas!
- CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña): Onda ti, programa en directo todos os domingos
- CEIP Carballedo (Cerdedo-Cotobade): Programas desde a casa
- CPI de Vedra (Vedra): Recomendacións para o tempo de lecer durante o confinamento

**Biblioteca Inclusiva:**

- CEE Saladino Cortizo (Vigo): COVID-19 – Mes da Cultura Galega
- CEIP Xesús San Luís Romero (Carballo): Semana das Letras Galegas

**Biblioteca Creativa.**

- CEIP Canosa Rus (Coristanco): binomios fantásticos a partir do taller de Pablo Otero - Caderno de pensamento computacional
- CEIP Apóstolo Santiago (Santiago de Compostela): reinterpretar un cadro
- CEIP Virxeo do Rocío (Vigo): Concurso mascota en 3D




CEIP Graxal (Cambre)




# Asesoría de bibliotecas escolares (Consellería de Educación): apoio, orientación, recursos e propostas.

***Bibliotecas escolares abertas, para unha aprendizaxe flexible*** *(documento de apoio remitido ás bibliotecas do PLAMBE o 13 de maio de 2020)*

**As bibliotecas como "centros creativos de aprendizaxe" e "viveiros de cidadanía" poden ofrecer respostas cando**:

- O alumnado e o profesorado debe interactuar desde casa; imponse o virtual fronte ao presencial.
- As familias con menos recursos poden ter dificultades para afrontar os retos da educación a distancia.
- O alumnado en situación máis desfavorecida tende a distanciarse do ámbito educativo, autoexcluíndose do grupo e da institución escolar.
- As recomendacións sanitarias obrigan a manter a distancia física e algunhas medidas de hixiene básica na volta ás aulas e a vida social.


#bescolaresgalAbertas: Seguimos traballando

Bibliotecas escolares

O equipo da Asesoría de bibliotecas escolares está traballando desde a casa. Seguimos estando a vosa disposición nos teléfonos da consellería, que temos desviados, e no correo electrónico.

*Imaxe de María López Pousa*

# Proponse una valoración/reflexión sobre o papel xugado pola biblioteca durante o peche dos centros:

- Ofrecemos apoio e servizo á comunidade educativa?
- Empregamos ferramentas accesibles para o noso alumnado? (coñecidas e traballadas previamente…)
- Achegamos recursos adecuados para unha biblioteca escolar? (licenzas abertas, respecto de autorías, calidade e relevancia…)
- Houbo interacción por parte do alumnado e as familias?
- Recolléronse e difundíronse as producións do alumnado e as familias?
- Buscamos a colaboración con outros axentes educativos? (equipos docentes, ANPAS, concellos, bibliotecas públicas…)
- ....




IES Universidade Laboral (Culleredo)




# Proposta para revisar as "liñas prioritarias" de actuación para o curso 2020/21. Dúas ideas –forza:

1. ***A biblioteca escolar como "centro creativo de aprendizaxe" e "viveiro de cidadanía", segue sendo válida.***
   - A biblioteca segue sendo un espazo de encontro e un espazo de acompañamento na lectura e o tratamento da información.
   - Protocolos para poñer en valor os recursos e as oportunidades; ferramentas virtuais para "quedar na biblioteca"…
2. ***Alfabetización mediática e informacional da comunidade educativa: urxente.***
   - Programas urxentes de alfabetización mediática e informacional para alumnado e outros sectores da comunidade educativa.
   - Reforzo da colección híbrida.
   - "Seguir rompendo brechas"

A innovación non está so no virtual. Buscar a innovación no presencial

# *Carta de navegación para o curso 2020/21*

- ✓ **Planificar unha nova "formación de usuarios",** implicando ao alumnado voluntario (cartelería, titoriais…) con normas básicas de uso da biblioteca:
  - Lavado de mans
  - Distancia de seguridade
  - Solicitude dos materiais
  - Manipulación dos recursos necesarios
  - Uso dos postos habilitados
  - Seguimento dos circuítos de circulación establecidos
  - Devolución delos préstamos na caixa da "corentena" (mínima, 24 horas)
- ✓ **Informar e mobilizar**: a biblioteca pode e debe usarse
- ✓ Manter o sentido da **"biblioteca, viveiro de cidadanía"**
- ✓ Reforzar o traballo para as **competencias ALFIN/AMI**
- ✓ Reforzar o traballo cos **medios de comunicación.** Ensinar a identificar as noticias falsas.
- ✓ **Ofrecer recursos tecnolóxicos** ao alumnado que o precise
- ✓ **Reforzar blogue ou web** con recursos dixitais, respectando dereitos de autor e protección de datos.

**Incorpórase un apartado específico nas Instrucións para a BE 2020-2021**


Bibliotecas escolares

## Actualización #bescolaresgalAbertas - Carta de navegación curso 2020/21

Actualización do documento de xuño de 2020 a partir das Instrucións do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e RR. HH. en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares e o Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

- ACTUALIZACIÓN CARTA DE NAVEGACIÓN CURSO 2020/21
- CARTA DE NAVEGACIÓN CURSO 2020/21
- INSTRUCIÓNS DE 1 DE SETEMBRO DE 2020
- PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19
- IFLA COVID-19

Os equipos de biblioteca empezan a achegar propostas cos protocolos para o inicio de curso:

- CEIP A Cristina (Carballo-A Coruña): Protocolo covid-19
- CEIP A Paz (Vigo-A Coruña): Protocolo de uso da biblioteca Meiga Tintureira
- CEIP P. Albino Núñez (Ourense): Protocolo de adaptación
- CEIP Canosa-Rus (Coristanco-A Coruña): Protocolo Biblioteca
- CEIP de Celeiro (Viveiro-Lugo): Protocolo da biblioteca escolar curso 20-21
- CEIP Centieiras (Fene-A Coruña): Estamos en marcha!
- CEIP Couceiro Freijomil (Pontedeume-A Coruña): Protocolo de acceso á biblioteca
- CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña): A biblioteca en tempos de pandemia
- CEIP P Enrique Barreiro Piñeiro (Cambados-Pontevedra): Protocolo covid Biblioteca Estrela, Estrela abre as portas curso 2020-2021
- CEIP Filomena Dato (Barbadás-Ourense): Protocolo uso da biblioteca alumnado, Protocolo da biblioteca
- CEIP Flavia (Padrón-A Coruña): Protocolo de actuación da biblioteca
- CEIP P. de Foz Nº1 (Foz-Lugo): Protocolo para o uso da biblioteca
- CEIP Lamas de Abade (Santiago de Compostela-A Coruña): Cartel Protocolo, Formación de usuarios
- CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño-Pontevedra): Abrimos!
- CEIP Milladoiro (Malpica-A Coruña): Plan Lector Anual 2020-21 (inclúe Protocolo covid-19 e Normas de uso e disfrute da BE)
- CEIP Nicolás del Río (Cedeira-A Coruña): Protocolo biblioteca escolar "Carlos Labraña"
- CEIP Nosa Señora de Xuvencos (Boborás-Ourense): Vés á biblioteca?
- CEIP P. O Mosteirón (Sada-A Coruña): Camiño con sentidiño na biblioteca

***A biblioteca escolar debe seguir a ser, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes,*** *en liña coas instrucións recollidas neste documento,* ***beneficiando así a toda a comunidade educativa e ofrecendo oportunidades diversas de acceso a información relevante.***

**Instrucións da D.X. de Centros e Recursos Humanos sobre organización e funcionamento da biblioteca escolar. Curso 2020/21**










Enfocar no que se pode facer!!!







Radio na Biblio

BIBLIOTECA CREATIVA







**Programa da actividade centros 1º ano**

| Horario | Luns/26/10 Actividade presencial. Cidade da Cultura | Martes 27/10 Sesións emitidas en liña |
|---|---|---|
| 16:00 - 17:00 | | **As posibilidades dunha Biblioteca Creativa** Asesoría de Bibliotecas Escolares |
| 17:00 - 18:00 | **Obradoiro Robótica** (Sesión presencial) | **Robótica na biblioteca I** Experiencias do CEIP Torre-Cela e CEIP nº1 de Foz |
| 18:00 - 19:00 | | **Robótica na biblioteca II** Experiencias do CEIP de Leirado e Montemogos |
| 19:00 - 20:00 | | **Obradoiro Recursos para a Biblioteca Creativa** Diego Rúa |

**Programa da actividade centros 2º ano**

| Horario | Luns/26/10 Sesións emitidas en liña | Martes 27/10 Actividade presencial. Cidade da Cultura |
|---|---|---|
| 16:00 - 17:00 | **Obradoiro de creatividade** Paola Guimeráns | |
| 17:00 - 18:00 | **Posibilidades da Impresión 3D** Experiencias do CEIP Vilar de Barrio e Présaras | **Obradoiro Impresión 3D** (Sesión presencial) |
| 18:00 - 19:00 | **Biblioteca creativa: espazo para a expresión e a autonomía** Experiencia do CEIP Emilia Pardo Bazán e CEIP de Pazos | |
| 19:00 - 20:00 | **Espazos creativos e creatividade** CEIP Milladoiro e CEIP Virxe do Rocío | |

**Programa da actividade centros 3º,4º,5º ano**

| Horario | Luns/26/10 Sesións emitidas en liña | Martes 27/10 Sesións emitidas en liña |
|---|---|---|
| 16:00 - 17:00 | **Obradoiro de creatividade** Paola Guimeráns | **As posibilidades dunha Biblioteca Creativa** Asesoría de Bibliotecas Escolares |
| 17:00 - 18:00 | **Posibilidades da Impresión 3D** Experiencias do CEIP Vilar de Barrio e Présaras | **Robótica na biblioteca I** Experiencias do CEIP Torre-Cela e CEIP nº1 de Foz |
| 18:00 - 19:00 | **Biblioteca creativa: espazo para a expresión e a autonomía** Experiencia do CEIP Emilia Pardo Bazán e CEIP de Pazos | **Robótica na biblioteca II** Experiencias do CEIP de Leirado e Montemogos |
| 19:00 - 20:00 | **Espazos creativos e creatividade** CEIP Milladoiro e CEIP Virxe do Rocío | **Obradoiro Recursos para a Biblioteca Creativa** Diego Rúa |




**Alumnado do grupo de voluntariado explica as novas normas da**



CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño)

**#bescolaresgal #bescolaresgalabertas Curso**

## CEIP Condesa de Fenosa. O Barco de Valdeorras




#bescolaresgal #bescolaresgalabertas

## CEIP O Graxal (Cambre, A Coruña): Espazos creativos inclusivos e seguros (*tamén en lingua de signos*)





**Novas rutinas. IES Valadares (Vigo)**




**IES de Brión (Brión). Comeza o curso,**
**a biblioteca abre as súas portas.**

**#bescolaresgal #bescolaresgalabertas Curso**

## IES Adormideras. A Coruña: Protocolo covid da biblioteca




## CEIP Milladoiro (Malpica de Bergantiños): Plan Lector Anual 2020/21

## CPI da Cañiza: información para as familias

Comezamos un curso "distinto" que trae numerosos cambios no funcionamento do centro e, por suposto, tamén na biblioteca.




A través destas vías iremos compartindo con vós novidades, imaxes, información... sobre a biblioteca, sobre o centro e sobre os seus fillos.

#bescolaresgal #bescolaresgalabertas

IES Punta Candieira
(Cedeira)




IES A Xunqueira I
(Pontevedra)






CEIP Enrique Barreiro Piñeiro (Cambados)



## USO OBRIGATORIO DE MASCARILLA



## DESINFECTAMOS AS MANS

EU ❤ A BIBLIO DE ESTRELA



## RESPECTAMOS O HORARIO ESTABLECIDO



## NON BERRAMOS

CEIP Enrique Barreiro Piñeiro (Cambados)

# ALFIN-AMI:
# Un ámbito de traballo urxente e imprescindible




- CEIP Nicolás del Río: Rutinas de pensamento
- CEIP A.D.R. Castelao: Aprendemos a acceder á aula virtual
- CPI Suárez Marquier: Información ás familias sobre Radio na biblio, Mes da ciencia en galego

***Recomendación:***

- ALFIN en tempos de coronavirus. Artigo en eduga de Mónica Muñoz Sobrino

## *Hora de ler... unha oportunidade*



- **CEIP de Leirado:** Hora de Ler
- **CEIP ADR Castelao:** Hora de Ler
- **IES A Basella:** Hora de Ler
- **CRA de Culleredo:** Mochilas viaxeiras
- **CEP Brea Segade:** Xeografías lectoras: recunchos de lectura (mochilas viaxeiras)
- **CEIP Emilia pardo Bazán:** caixas para as aulas
- **IES Valdares:** Caixas para as aulas
- **IES Valadares:** Libros Fóra
- **CEIP Lamas de Abade:** Vídeoxogo Día das Escritoras

# *Hora de ler… unha oportunidade*



- IES Salvaterra de Miño:
  Bega-Elbe.2 Información básica,
  Lectura dixital gratuita
- CEP Brea Segade: Mochilas viaxeiras (mapa de xeografías lectoras), Lendo na plataforma ELBE.2,
  Reto lecturas de escritoras
- CPI Suárez Marquier: Hora de Ler
- EEI Barrionovo:
  Martes Poesía-Express na rede

**#bescolaresgal #bescolaresgalabertas**

# *Clubs de lectura: presenciais e virtuais*







- IES A Basella: Clubs de lectura
- IES de Brión: Club de lectura
- CEIP de Laredo: Club de lectura virtual
- CEIP Emilia Pardo Bazán: Club de lectura inglés




**Ceip Canosa Rus:** Recuperando a formación do alumnado. Obradoiro



**IES Punta Candieira:** Letras Galegas



- CEIP Torre-Cela: SuperARTE
- CEIP Emilia Pardo Bazán: VenreXperimentos e impresión3D
- CEIP As Covas_Meaño: A árbore tenebrosa
- CEP Brea Segade: Recreos creativos






# *Reforzo da conexión coas familias a través da biblioteca escolar*




- CRA de Culleredo: As familias na biblioteca do CRA
- EEI Barrionovo: Tardes de biblio en familia

# Os poxectos interdisciplinarios, coordinados desde a biblioteca, comezan a camiñar




- IES Valadares: Entre dúas realidades
- CEIP Vistahermosa: A Idade Media
- EEI Barrionovo: Entrevista a Luar na Lubre

**A biblioteca escolar, un instrumento imprescindible no centro, especialmente, en tempos de pandemia: versátil, resiliente, atenta ás necesidades da comunidade educativa, mediadora, formadora, proactiva, positiva, alegre e comunicadora.**

